



FRANCISCO X. FERNÁNDEZ NAVAL
ESCRITOR

“A emotividade non está na historia, senón na humanidade de quen a vive”

Edicións Xerais vén de publicar o último libro do ourensán Francisco X. Fernández Naval, “Para seguir bailando”, un conxunto heteroxéneo de dez relatos curtos que abordan temas como o da memoria histórica, a violencia contra a muller ou a pederastia.

ENTREVISTA DE JOSE GÓMEZ

Inmerso no mellor momento da súa traxectoria literaria, o polidrico Fernández Naval presenta con este libro un auténtico decálogo sentimental a través de historias cotiás protagonizadas por personaxes de carne e óso. Aí, nesa “normalidade” reside a súa heroicidade e o testemuño dunha época histórica, a actual, coas súas lacras e os seus anxeos.

—**Como foi a xestación do libro?**

—Escribín os primeiros relatos, “Noite de pallabarro” e “Noite de cloroformo”, como textos independentes que xurdiron nun momento determinado. De feito, o primeiro deles foi publicado en “A trabe de ouro” hai algún tempo. Pero cando estaba con “A noite de Ith” decateime de que había historias detrás que podían levar a construír un libro de relatos cunha certa uniformidade. Todas as historias son absolutamente independentes, e así foron concibidas: dez historias nas que, ao mellor, hai algún fio sutil entre elas que as vencella. Si hai en todos unha circunstancia máis temporal ou vital que propiamente literaria, que é unha certa carga de emo-

ción que quixen, non sei se o conseguín, que alentase todos os relatos. Con 50 anos, que é cando os escribín, un mira cara atrás e decátase de que é certo iso que se di de que nós estamos prestándolles cousas aos libros e aos personaxes literarios, porque todo é biográfico sen selo. En “Para seguir bailando” houbo quizais unha interiorización maior de todo ese proceso e quizais hai máis de min que noutros libros.

—**Mesmo os escenarios: Ourense está moi presente.**

—Si, mesmo cando non se nomea. Efectivamente, Ourense é o territorio literario principal, aínda que hai algún tamén na Coruña, como “A noite de Ith”. O que ocorre con “Para seguir bailando” é que ten relación con outros libros, e ese xogo de poder recuperar historias escritas anteriormente, non para reescribilas, senón para ofrecer visións complementarias, como prismas e espellos, do que xa escribiches, gústame. Así, “O escriba e o comandante” está moi vencellada a “Sombas no labirinto”, que é unha novela que se desenvolve no canón do Sil, paisaxe que tamén percorre “Contemporáneos I”. Ademais, moitos dos personaxes que aparecen na segunda parte do relato inicial están



O ourensán segue traballando en varios proxectos

M. LONGUEIRA

MÉTODO

“Gústame o xogo de poder recuperar historias doutros libros para ofrecer visións complementarias”

tamén en “O bosque das antas”; nos últimos relatos porteños está Julio Cortázar e aquel libro que escribira sobre “Respirar polo idioma”. É dicir, é un libro de sedimentación dende o que se tenden fíos a outras obras anteriores.

—**Como se traballa esa capacidade de conmover e de emocionar que te propuxeches? É un proceso absolutamente consciente?**

—Hai cousas que son incons-

cientes e outras que non. Eu podo dicir, por unha banda, que nestes relatos pretendín fuxir, dende un punto de vista xornalístico, do titular, fuxir do evidente. En “Noite de cloroformo”, por exemplo, o titular sería doado. Hai como unha especie de alonxamento, se cadra á maneira de Onetti, de certa carga emocional da historia que se contrarresta porque pos toda a carne da fragilidade dos personaxes que forman parte da historia. Esa emotividade vén, entón, pola proximidade do personaxe; non pola historia que contas, senón pola humanidade de quen a vive, deses personaxes tan fráxiles que aparecen en todos os relatos.

—Que ten de especial o relato con relación á novela ou á poesía?

—Teño que recuperar a Dieste e a Cortázar, pois ambos dan un-

ha definición que practicamente é a mesma, para min clara, do que é o relato: “O relato é como unha lámpada que brilla na noite e arredor da cal xiran as bolboretas”. O relato sería, logo, esa luz, ese centro, e practicamente nada máis. Así como nunha novela o proceso discursivo é máis longo, de construción lonxitudinal e colateral, no que vas entrelazando a trama e construíndo unha complexa sucesión de feitos, o relato, como a poesía, centra todo nun momento determinado e exclusivo, esa luz que brilla na noite, e arredor diso xira o que contas. Pero non podes prever a concentración nese punto central que é o que atrae a todo o resto dos elementos. Nese sentido, o relato é un pouco circular. Coa poesía, aínda que comparte ese momento e esa iluminación, ese brillar da circunstancia e da emoción que produce a necesidade de escribir, un narra desde perspectivas distintas, con técnicas diferentes, aínda que si hai unha unidade de emoción e de acción, que é o que diferencia o relato da novela.

—**Son historias conectadas coa realidade, moi recoñecibles.**

—Era unha vontade persoal que os relatos tratasen temas presentes na vida de todos. Son asuntos actuais que plantexan a problemática contemporánea da vida e da xente de hoxe: a violencia de xénero, a recuperación da memoria, a situación da muller, o abandono do medio rural e o esquecemento e a desaparición de todo un xeito de entender o mundo... son cousas que están pasando neste momento, aquí e agora. Polo tanto, se miramos para os lados, podemos descubrir e recoñecer inmediatamente. Pero o libro foxe da realidade tal e como é en si e tal e como a miramos; vén sendo como unha gorgona, como a medusa: paraliza un pouco e hai que mirala sempre, como fai Perseo, a través do espello interior do propio escritor. Eu sempre digo que a literatura é como un espello, é o reflectir da realidade e, aínda que recolle esas circunstancias tan contemporáneas e tan actuais para todos nós, hai un punto de distancia que quizais sexa esa emoción dos personaxes que as viven e que ao final vén ser a propia interioridade do escritor.